



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Intervención na Dependencia	Código	653862219	
Titulación	Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria (plan 2012)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	FisioterapiaMedicina			
Coordinación	Santos del Riego, Sergio Eduardo	Correo electrónico	sergio.santos.delriego@udc.es	
Profesorado	Miguens Vázquez, Xoán	Correo electrónico	xoan.miguens.vazquez@udc.es	
	Santos del Riego, Sergio Eduardo		sergio.santos.delriego@udc.es	
Web	www.udc.es/fcs/ga/index.htm			
Descrición xeral	INTERVENCIÓN NA DEPENDENCIA			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Capacidade para elixir e aplicar as metodoloxías de investigación mais adecuadas á investigación proposta.
A2	Capacidade para o deseño experimental e o completo desenvolvemento de proxectos de investigación no ámbito sanitario, desde a formulación da hipótese de investigación ata a comunicación dos resultados.
A3	Adquirir un sentido ético da investigación sanitaria.
A5	Adquirir o coñecemento da realidade investigadora nun ámbito concreto das ciencias da saúde.
B1	Capacidade para aplicar o método científico na planificación e o desenvolvemento da investigación sanitaria.
B2	Fluidez e propiedade na comunicación científica oral e escrita.
B3	Compromiso pola calidade do desenvolvemento da actividade investigadora.
B4	Capacidade de análise e de síntese.
B5	Habilidade para manexar distintas fontes de información.
B6	Capacidade para traballar de forma colaborativa en equipos multi e interdisciplinar.
B7	Capacidade de establecer unha relación de empatía cos suxeitos implicados no desenvolvemento da actividade investigadora.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer e comprender a función (dis), a actividade e a participación de calquera persoa integrada na sociedade.			AI3
			AI5
			BM5
			BM6
			CM1
			CM4
			CM7
			CM8



Coñecer, comprender e facilitar a reflexión sobre como integrar no medio profesional a Clasificación Internacional do Funcionamento (CIF).	AI3 AI5	BM2 BM3 BM4 BM5 BM6	CM1 CM4 CM7
Coñecer e comprender a legalidade vixente en materia de promoción de autonomía persoal e intervención na dependencia.	AI5	BM2 BM3	CM1 CM6 CM7 CM8
Coñecer e comprender as alteracións da función de diversa orixe do suxeito dependente.	AI1 AI2 AI3 AI5	BM1 BM2 BM3 BM4 BM5	CM1 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8
Coñecer, comprender e facilitar reflexión sobre como integrar a adaptación funcional da persoa no entorno.	AI1 AI2 AI3 AI5	BM1 BM2 BM3 BM5 BM6	CM1 CM4 CM6 CM7 CM8
Coñecer e comprender os sistemas RUG.	AI3 AI5	BM1 BM5 BM7	CM6 CM8
Aplicar os coñecementos profesionais favorecendo o desenvolvemento da Lei de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.	AI3 AI5	BM1 BM2 BM7	CM1 CM6 CM8
Integrar os coñecementos sobre o Funcionamento e a Dependencia no medio profesional sanitario e socio-sanitario.	AI3 AI5	BM1 BM3	CM1 CM6 CM8
Comunicar os coñecementos sobre estas materias ao público, en xeral, e ao público especializado, en particular.	AI2 AI3	BM2 BM5 BM6 BM7	CM1 CM2 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8
Fomentar a participación no desenvolvemento desta lei dos profesionais de Saúde, Función e Calidade de Vida, tales como terapeutas ocupacionais, logopedas, fisioterapeutas, enfermeiros e especialistas en Medicina Física e Rehabilitación, entre outros.	AI3 AI5	BM3 BM6 BM7	CM1 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas



CLASES TEÓRICAS

Horario: Segundo cuadrimestre, VER CRONOGRAMA..

Programa:

Actividades presenciais teórico-prácticas. Temas (T)

Tema 1.- Introducción: bases conceptuais. Perspectiva investigadora.

Santos del Riego, Sergio

2 horas teóricas

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Presentación.
- Funcionamento e Dependencia
- Concepto e rol do entorno.
- A dependencia en cifras

Tema 2.- Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saude.

Miguens Vázquez, Xoan

4 horas: 2 horas teóricas e 2 horas prácticas

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Dende o déficit, a discapacidade e a minusvalía ata a función, actividade e a participación.
- Aplicación da CIF no medio profesional sanitario. Casos clínicos.
- Aplicación da CIF na Valoración da Dependencia.

Tema 3.- Marco Legal da Dependencia: Europa, España. Perspectiva investigadora.

Santos del Riego, Sergio.

Miguéns Vázquez, Xoán.

2 horas: 1 hora teórica - 1 hora práctica.

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Jerarquía normativa. Análise da legislación europea e española.
- Análise comparativo da situación da dependencia en España.
- Obxectivos da Lei de Dependencia. Catálogo de Servicios.



Tema 4.- Promoción da Autonomía Persoal. Diversidade funcional en situación de dependencia.

Miguens Vázquez, Xoan

2 horas teóricas

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Conceptos e desenvolvemento da autonomía persoal e a súas implicacións físicas e psicossociais.
- Prevención da situación de dependencia.
- Adaptación do fofar.
- Modelo comunitario.

Tema 5.- Estabilización e Pronóstico: lineas de investigación.

Miguéns Vázquez, Xoán

1 horas teórica

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Pronóstico funcional: modelos predictivos.
- Concepto de estabilización e a súa implicación na valoración de dependencia.

Tema 6.- Valoración funcional en dependencia: evolución e aplicabilidade dos Baremos normativos.

Miguens Vázquez, Xoan.

2 horas: 1 hora teórica - 1 hora práctica.

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- BVD: Baremo para Valoración de Dependencia. Casos prácticos-
- EVE: Escala de Valoración Específica. Casos prácticos.

Tema 7.- Valoración funcional específica do neno.

Miguens Vázquez, Xoan

2 horas: 1 hora teórica - 1 hora práctica.

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Correlación entre os Baremos e o Desenrolo psicomotor.
- Aplicabilidade práctica dos Baremos por francas de idade.



Tema 8.- Valoración funcional do adulto novo.

Miguens Vázquez, Xoan.

2 horas: 1 hora teórica - 1 hora práctica

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da
Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Análise etimolóxico da situación de dependencia.
- Cronicidade, evolutividade vs estabilización.
- Situación de dependencia na enfermidade mental e na deficiencia intelectual.

Tema 9.- Valoración funcional no ancián.

Miguéns Vázquez, Xoán.

3 horas: 2 horas teóricas - 1 hora práctica.

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da
Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Ancianidade biolóxica e ancianidade patolóxica.
- Correlación entre idade e situación de dependencia.
- Valoración da dependencia no ancián.

Tema 10.- Sistemas RUG.

Miguens Vázquez, Xoan.

2 horas teóricas

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da
Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Grupos de Utilización de Recursos: ferramenta de clasificación dos pacientes en función de características clínic- funcionáis.
- Implicación do Sistema RUG na planificación e gestión de recursos. Perspectiva Investigadora.

Tema 11.- Análise da carga asistencial e necesidade de cuidados da persoa en situación de dependencia. Perspectiva investigadora.

Miguens Vázquez, Xoan.

2 horas teóricas

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da
Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Carga asistencial do paciente crónico no medio hospitalario.
- Carga asistencial do paciente crónico no medio extrahospitalario.



- Coidador informal.
- Papel da rehabilitación extrahospitalaria.

Tema 12.- Investigación en dependencia: papel dos profesionais implicados.

Miguens Vázquez, Xoan.

4 horas: 1 horas teórica e 3 horas de prácticas

Lugar de Impartición: A Coruña, Campus de Oza da Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias da Saúde.

- Papel dos profesionais de función e calidade de vida na atención á persoa suxeito-dependente desde unha perspectiva investigadora.
- Lineas de investigación lexislativas
- Lineas de investigación en xestión
- Lineas de investigación clínicas
- Lineas de investigación en valoración

Outras actividades presenciais: Titorías.

Faranse titorías para supervisar o traballo tutelado.

Titorías optativas: A demanda e previa solicitude vía email.

Titorías obrigatorias: O profesorado establecerá unha titoría obrigatoria como mínimo, individual ou en grupos.

Titorías virtuais.



Outras actividades presencias: ciclo de conferencias breves con profesorado directamente relacionado profesionalmente co mundo da valoración da dependencia en Galicia e outras comunidades autónomas.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	14	28	42
Portafolios do alumno	2	28	30
Actividades iniciais	1	0	1
Traballos tutelados	24	50	74
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Traballos tutelados	Atención e seguimento individualizado, a través das titorías, do portafolios do alumno e dos traballos tutelados.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
--------------	------------	---------------



Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.	30
Sesión maxistral	Valorarase a participación activa do alumnado.	50
Traballos tutelados	Valorarase a realización dun traballo sobre un tema proposto polo profesorado.	20
Outros		

Observacións avaliación

- 1.- Examen tipo test de resposta única que representa o 50% da nota.
- 2.- Elaboración de unha Memoria da asignatura de contido valorado en base a: adecuación do contido á materia impartida e capacidade crítica do alumnado. Representa o 20%; 3.- O 30% restante mediante avaliación continuada en forma de control de asistencia e avaliación de conceptos adquiridos, grazas a realización de exercicios escritos nas clases impartidas.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

- 1.- Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostible e cumprir o obxectivo estratéxico 9 do I Plan de Sostenibilidade Medio-ambiental
Green Campus FCS, os traballos documentais que se realicen nesta asignatura:
a.- Maioritariamente solicitaránse en formato virtual e soporte informático.
b.- De realizarse en papel:- Non se utilizarán plásticos.- Realizaranse impresions a dobre cara.- Emopregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores. 2.- O profesor responsable reservase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías